



## BORRADOR DE PLAN XERAL ANUAL 2020/21

### CMUS PROFESIONAL DE CARBALLO

O presente borrador é unha declaración de intencións e neste curso debido á situación sanitaria, necesariamente é un documento aberto que será modificado e adaptado segundo evolucione a pandemia.

A día de hoxe, tódalas actividades que supoñan un risco sanitario (audicións, concertos, intercambios, etc) quedan suspendidas e poderán ser substituídas por pequenas audicións, preferentemente sen público, organizadas polos departamentos correspondentes.

OBXECTIVOS	DESCRICIÓN	ACCIÓNS	RECURSOS	RESPONSÁBEIS
Consolidar convenios de colaboración con outros centros.	Promoción da actuación do noso alumnado noutros centros educativos. Proxecto para a innovación e intercambio de boas prácticas.	Contacto estreito con outros Cmus profesionais e escolas de música da nosa comunidade, así como con outros centros ou entidades educativas e culturais da unión Europea.	Os destinados nos presupostos anuais do Concello de Carballo.	Equipo Directivo, Claustro de Profesores e Consello Escolar.
Conseguir un maior número de aulas	Habilitación de máis aulas e espazos destinados á docencia co obxecto de ofertar ao alumnado un horario máis compatible coa vida familiar.	Conversas cos responsables da xestión dos espazos no Concello para facelos conscientes da problemática da falta de aulas no tocante á organización de centro.	Os aportados polo Concello (áreas de Educación e Cultura)	A Dirección



Potenciar ao máximo posible un Plan de Actividades Culturais e de Promoción das Ensinanzas	Elaboración dunha programación anual específica de actividades culturais e de promoción das actividades do centro que teña potencial proxección na vida cultural do Concello de Carballo	Axenda de actividades culturais e de promoción das ensinanzas do Cmus Profesional de Carballo contempladas na Programación Xeral Anual.	As partidas presupostarias anuais das áreas de Educación e Cultura, ademais dos conseguidos de entidades privadas.	Equipo Directivo, Claustro de Profesores, Consello Escolar.
Crear unha biblioteca e un arquivo musical	Habilitación dun espazo destinado a biblioteca e arquivo musical co obxecto de facilitar ao alumnado un lugar de estudo e de consulta.	Petición dun espazo ao Concello e fondos a entidades públicas e privadas.	Os que o Concello de Carballo e as entidades públicas e privadas podan destinar.	A Dirección, responsables das áreas de Cultura e Educación do Concello de Carballo.
Renovar/manter o material existente e dotar de novo material necesario.	Petición de partidas económicas destinadas á compra e mantemento de instrumentos musicais, así como de equipamento electrónico e de aula.	Negociación e xestión das partidas económicas destinadas a tal fin por parte do Concello de Carballo e a Deputación de A Coruña.	Os aprobados por tales entidades.	A Dirección, os responsables das áreas de Cultura e Educación do Concello de Carballo.
Difundir a actividade musical do centro a través da participación na vida cultural do Concello de Carballo.	Organización de concertos e actividades culturais das agrupacións do centro. Difusión e publicidade de ditas actividades a través dos medios de comunicación e as redes sociais.	Proxección das agrupacións do centro a nivel local e publicidade de ditas actividades.	Os destinados pola área de Cultura do Concello de Carballo.	A Dirección, o Claustro de Profesores, o Consello Escolar, os responsables da área de Cultura do Concello de Carballo.
Potenciar a solidariedade, a integración e a atención á diversidade.	Promoción de actividades que fomenten a solidariedade, a integración e a convivencia	Organización de concertos solidarios, donación de material, establecemento de contactos e colaboracións coas distintas asociacións sen ánimo de lucro da vila.	Os aprobados polo Concello, os destinados para tal fin pola ANPA do centro.	A Dirección, o Claustro de Profesores, o Consello Escolar, a ANPA.



Establecer comunicación e cooperación directa e fluida con todos os membros da comunidade escolar.	Creación dos foros e os espazos axeitados para a comunicación e a cooperación de profesores, pais, alumnos e persoal non docente.	Actividades e programas de cooperación dos diferentes órganos que constitúen a comunidade escolar: Claustro, Consello Escolar, ANPA e representantes do Concello.	Os aprobados polo Concello e a ANPA.	Claustro de Profesores, Consello Escolar, ANPA.
Organizar cursos de formación	Potenciar a formación do profesorado.	Estudar cos departamentos didácticos diferentes opcións para desenvolver Proxectos de Innovación Educativa e cursos específicos que nos permitan situarnos nunha certa vangarda coa implicación da maior parte posible do claustro.	Os destinados pola concellería de educación do Concello de Carballo coa colaboración, de ser posible, do conservatorio e da ANPA	Equipo Directivo, Claustro de Profesores, Departamentos Didácticos, ANPA e Consello Escolar
Fomentar a visualización da muller na música.	Promover actividades que contribúan á visibilización do papel das intérpretes, compositoras e investigadoras na música.	Fomentar nos departamentos a introducción de obra musical composta por mulleres nas respectivas programacións didácticas.	Os propios do centro e os que poideran aportar Anpa e Concello.	Departamentos didácticos, claustro, directiva, concello de Carballo e consello escolar.
Promover a formación do alumnado.	Promover actividades fora do ensino reglado que contribúan a unha maior formación especializada do alumnado do centro.	Facilitar os recursos e espazos necesarios para que os departamentos podan organizar cursillos, masterclasses ou outras actividades de interés.	Os destinados pola concellería de educación do Concello de Carballo coa colaboración, de ser posible, do conservatorio e da ANPA	Departamentos didácticos, claustro, directiva, concellería de educación e consello escolar.